



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 17/07/2014 12:28:22

ENTRADA 16352 / RX 806071



Sr. Xefe Territorial
Delegación Territorial de Ourense
Consellería de Economía e Industria
Xunta de Galicia

ASUNTO: Informe da ampliación da concesión de explotación "Val das Cobras" Carballeda de Valdeorras (Ourense)

Serafín J. González Prieto, en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural (en diante SGHN), na súa cualidade de Presidente da asociación, en resposta a súa petición de informe de data 10-06-2014 sobre o asunto de referencia,

EXPÓN:

1. Que a empresa solicitante, CUPIRE PADESA, S.L., é titular de diversos dereitos mineiros para a explotación de lousa na bisbarra de Valdeorras.
2. Que na documentación recibida non consta que a empresa promotora avaliase dende os puntos de vista técnico, económico e ambiental distintas alternativas de explotación (por exemplo, explotación en galería), limitándose a considerar a explotación a ceo aberto cun rendemento de material comercializable de tan só un 4,6%, polo cal proxecta dúas enormes entulleiras nas que pretende verter o 95,6% do material extraído.

Por todo o anterior,

SOLICITA:

1. Que a Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria en Ourense NON autorice a ampliación da concesión de explotación "Val das Cobras" ata que a empresa concesionaria teña executada a restauración ambiental das zonas que xa ten explotadas (ou en explotación) na actualidade.
2. Que se esixa á empresa promotora a redacción dun novo Estudo de Impacto Ambiental que inclúa unha avaliación seria e rigorosa da viabilidade técnica, económica e os beneficios ambientais dunha explotación en galería.

En Santiago de Compostela a 10 de xullo de 2014

Serafín González Prieto

Presidente SGHN